

PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERAN A VENDA DE SOLO INDUSTRIAL RESULTANTE DA MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DO POLIGONO DE REBOREDO CON DESTINO A IMPLANTACIÓN DE PEQUENAS E MEDIANAS INDUSTRIAS

OBXECTO DO CONTRATO

Cláusula 1.- Constitúe o obxecto do presente prego a venda da superficie de solo industrial sobrante do primeiro concurso de venda de solo industrial resultante da modificación puntual do Plan Parcial do Polígono Industrial de Reboredo, con destino á construción das edificacións e instalacións industriais das actividades empresariais que se vaian establecer no polígono.

SUPERFICIE OBXECTO DE VENTA

Cláusula 2.- A superficie total obxecto de venda é de 8563,18 m², coas referencias sinaladas no anexo I I deste Prego.

DESTINO DAS PARCELAS

Cláusula 3.- Os adxudicatarios deberán destinar as parcelas adxudicadas á construción das edificacións e instalación industriais das actividades empresariais comprometida e con suxeición ás obrigas sinaladas no Prego.

CARACTER E NATUREZA DO CONTRATO

Cláusula 4.- Os contratos obxecto deste prego, de acordo co establecido no artigo 5.2 b) do TRLCAP, aprobado por RDLexislativo 2/2000, de 16 de xuño, teñen carácter administrativo especial xa que ca venda deste solo industrial cós requisitos e condicións establecidos sen beneficio económico para ó Concello, preténdese impulsar o desenvolvemento económico do Municipio ca conseguinte creación de emprego, a mellora da calidade de vida dos veciños así como a mellora do medio urbano ó promover o traslado das empresas ubicadas no casco urbano ó Polígono.

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Cláusula 5.- O expediente tramitase con carácter ordinario sendo o procedemento de adxudicación o Aberto e a forma de adxudicación o Concurso de acordo co disposto no artigo 177.2 da Lei 9/02, de 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (modificada por Lei 15/04, de 29 de Decembro) e os artigos 5, 7, 73 e seguintes do RDL 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas(en adiante TRLCAP).

CONDICIÓN DE ORDENACIÓN, EDIFICACIÓN E NORMATIVA URBANÍSTICA

Cláusula 6.- As condicións de ordenación e edificación das parcelas obxecto de alleamento, calificadas como solo urbano de uso industrial, son

as resultantes da ordenanza adaptada segundo a modificación puntual do Plan Parcial do Polígono de Reboredo e demais normativa urbanística que resulte de aplicación.

PREZO

Cláusula 7.- O prezo de venda por unidade de m² de solo é de 18 euros mais IVE.

Este prezo de licitación e fixo, non podendo modificarse polos licitadores nin á alta, nin á baixa.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DO CONTRATISTA/PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR CA ADMINISTRACIÓN

Cláusula 8.- A selección do contratista se realizará de acordo cos seguintes criterios de solvencia económica, financeira, técnica e profesional (cua documentación deberá incluírse no sobre 1)

Criterios de solvencia económica e financeira:

a) Solvencia económica e financeira da empresa.

Criterios de solvencia técnica e profesional:

a) Cualificación profesional e técnica da empresa así como o equipo e unidades técnicas das que dispón para a posta en marcha do proxecto empresarial.

En ningún caso poderán contratar ca Administración as persoas nas que conorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 20 do TRLCAP.

PRESENTACION DE PROPOSICIÓNS: CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Cláusula 9.- Poderán contratar ca Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional nos termos sinalados.

A presentación de proposicións presume a aceptación polo licitador das cláusulas deste Prego e do resto de documentos contractuais e a declaración responsable da exactitude dos datos presentados e de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para a contratación.

LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIONES

Cláusula 10.- Lugar: As proposicións deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte, sito no Campo de S. Antonio, ou por correo na forma que establece el artigo 80.4 del RD 1098/2001, de 12 de Octubre, agás por correo electrónico. Neste caso o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos requisitos no será admitida a proposición si se recibe polo órgano de contratación con posterioridade a data e hora de la terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorrido, no obstante, dez días naturais seguintes data indicada, sen que se tivera recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Prazo:Dentro das horas de oficina e ata as 14 horas do día sinalado para a entrega das ofertas no anuncio de licitación.

Forma:A documentación para a licitación presentárase en dous sobres pechados, sobre “1” e sobre “2”. O sobre “1” denominado “documentos administrativos” conterá os documentos aos que se refire o art. 79.2 del RDL 2/200, de 16 de Xuño, e o sobre “2” a “proposición económica e documentación técnica”. Ambos estarán identificados no seu exterior, con indicación da licitación á que concorrán e asinados polo licitador ou persoa que o represente, indicando o nome e apelidos ou razón social da empresa. E no seu interior farase constar nunha folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Una vez entregada ou remitida a documentación non pode ser retirada, salvo que a retirada da proposición sexa xustificada. Se a proposición fose retirada inxustificadamente, se procederá a execución da garantía provisional e o seu ingreso na Tesourería do Concello de Monforte de Lemos.

SOBRE 1: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. Capacidade para contratar.Solvencia e Garantía provisional.

Dito sobre deberá conter a documentación relativa a capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira, técnica e profesional das empresas licitadoras.

- a) D.N.I da persoa que presenta a proposición en nome propio ou como apoderada.
- b) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil.
- c) Si se trata dunha persoa xurídica ou empresario individual, que actúe por medio de representante, deberá incluírse tamén escritura de poder debidamente bastantada.
- d) Declaración responsable do licitador de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, facendo referencia expresa de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito se esixirá antes da adxudicación ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato.
- e) Tratándose de empresas estranxeiras declaración de someterse a xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orden, para

todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, o foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle.

Os documentos referidos deberán presentarse en orixinal ou en copia ou fotocopia, debidamente legalizadas e cotexadas, ben pola Administración, ou ben por Notario.

A omisión de calquera dos documentos citados, ou a non observancia estricta do cumprimento dos previstos nos apartados anteriores poderán ser motivo para a non admisión da oferta.

Documentos acreditativos da solvencia técnica i económica:

Solvencia económica e financeira, poderase acreditar en calquera das seguintes formas previstas no artigo 16 do TRLCAP

- Informes de institucións financeiras ou xustificante da existencia dun Seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais ou extracto das mesmas no suposto de que a publicación destas sexa obrigatoria nos Estados en onde aquelas se encontren establecidas.
- Declaración relativa a cifra de negocios global e das obras, subministracións, servicios ou traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos exercicios.

Solvencia técnica e profesional, acreditarase da seguinte forma:

- Titulacións académicas, profesionais e “curriculum vitae” do persoal de empresa e, particularmente, do persoal de dirección da empresa.
- Declaración do equipo técnico de que dispón o empresario para la realización do contrato

SOBRE 2: PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Cada sobre conterà unha soa proposición asinada polo licitador ou persoa que o represente redactada conforme ó modelo que figura como anexo I deste prego, incluíndose no prezo ofertado tódolos conceptos.

Ningún licitador poderá resultar proposto como adxudicatario para mais de 2 parcelas, nº máximo de parcelas das que se pode ser titular.

En todo caso e dada a finalidade do concurso soamente se adxudicarán dúas parcelas ó mesmo licitador cando adxudicadas aquelas ós licitadores que opten por unha queden parcelas suficientes.

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

Se incluírá así mesmo no sobre 2 a documentación técnica (estudio ou proxecto empresarial) pertinente, a efectos de valoración dos criterios

sinalados na cláusula 13 para a valoración do concurso, adquirindo os relacionados co obxecto do contrato, carácter contractual no caso de adxudicación.

O estudo ou proxecto empresarial deberá especificar a lo menos: a actividade proxectada, a inversión prevista, o número de postos de traballo que se crean, o programa de traballo, o prazo de posta en marcha do proxecto, o plan de viabilidade da empresa, si a actividade xa está establecida na localidade cales son causas que motivan o traslado.

GARANTIA PROVISIONAL

De acordo co disposto no artigo 37 do RDL 2/200, de 16 de Xuño non se esixe a constitución de garantía provisional.

CLÁUSULA ESPECIAIS DA LICITACION

MESA DE CONTRATACIÓN

Cláusula 11.-A Mesa de contratación estará integrada polo Presidente da Corporación, ou membro desta en quen delegue, que a presidira e formarán parte da mesma como vocais o Secretario, o Interventor, e aqueles outros que designe a Xunta de Goberno Local entre funcionarios, persoal laboral ou concelleiros, sen que o seu número, en total, sexa inferior a 3. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

APERTURA DE PROPOSICIONS

Cláusula 12.-A Mesa de Contratación, no lugar, día e hora sinalados no anuncio de licitación, procederá á apertura do sobre que conteña a documentación referida á capacidade para contratar. Se a Mesa observase defectos u omisións subsanables na documentación presentada, ó comunicará aos interesados, concedéndolles un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan o subsanen ante la propia Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación, unha vez cualificada a documentación referida á capacidade para contratar e subsanados, nos eu caso, os defectos u omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección fixados, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os excluídos e a causa da exclusión.

Realizadas as actuacións anteriores terá lugar o acto público de apertura das proposicións no lugar e día previamente sinalado.

Si algunha proposición no gardase concordancia ca documentación examinada e admitida, excede do presuposto base de la licitación, variara substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador, de que adolece erro o inconsistencia que a faga inviable, será rexeitadas pola Mesa, en resolución motivada. Polo contrario, o cambio ou omisión

dalgunhas das verbas do modelo, con tal de que non alteren seu sentido, non será causa bastante para rexeitar a proposición.

A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere oportunos e se relacionen co obxecto do contrato

A Mesa valorará as proposicións, mediante os criterios obxectivos de valoración establecidos por orden decrecente de importancia e pola ponderación que se lles atribúe, na seguinte cláusula (13) , e elevará o acta e a proposta de adjudicación ó órgano de contratación.

CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACIÓN E PONDERACION

Cláusula 13.- A adjudicación levarase a cabo de acordo cos seguintes criterios:

- Por creación de emprego indefinido: Ata un máximo de 15 puntos.
 - . Por cada posto de traballo indefinido de nova creación 1 punto.

- Ubicación ou traslado de empresa : Ata un máximo de 10 puntos.
 - Empresa de nova creación en Monforte que pretenda instalarse no termo municipal.
 - Empresas que estando ubicadas no municipio propoñan trasladarse ó polígono desmantelando as antigas instalacións.
 - Empresas que estando ubicadas no municipio se atopen nalgunha das seguintes situacións: falta de espazo suficiente, estar en situación de fóra de ordenación, problemas de acceso, por tratarse de actividades molesta, nocivas, insalubres ou perigosas, etc.

- Características da actividade económica/industrial a desenvolver na parcela: Ata un máximo de 5 puntos
 - Inversión proxectada no emprazamento, descontando o valor do solo. 1 punto
 - Calidade do proxecto edificativo. 1 punto

 - Prazos da posta en marcha da actividade (reducción- prazo max. 3 años). 1 punto

 - Innovación tecnolóxica e desenvolvemento (inversión I+D). 1 punto

 - Respecto ao Medio Ambiente. 1 punto

En igualdade de condicións terán preferencia na adjudicación das parcelas os licitadores que houberan tomado parte no primeiro concurso e non obtiveran parcela ao non coincidir a súa oferta coa puntuación obtida no concurso.

ACREDITACION DE ATOPARSE Ó CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL

Cláusula 14.-A empresa proposta pola Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato deberá acreditar, no prazo de cinco días hábiles a contar desde a data na que se lle requira, estar ao corrente das obrigacións tributarias e da seguridade social establecidas nos artigo 13 e 14, respectivamente, do R. D. 1.098/2.001, de 12 de outono, mediante a certificacións administrativas expedidas pola Axencia Estatal Tributaria e pola Tesourería da Seguridade Social.

ADXUDICACIÓN

Cláusula 15.- A Mesa de contratación, de acordo co disposto no artigo 88 del RDL 2/2000, de 16 de xuño, elevará as proposicións presentadas xunto ca acta e a proposta de adxudicación ao órgano de contratación. Este terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato a proposición mais vantaxosa de conformidade cos criterios de adxudicación sen atender necesariamente ao valor económico da mesma, ou declarar deserto o concurso motivando en todo caso a súa resolución con referencia a los criterios de adxudicación del concurso.

GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO

Cláusula 16.-Serán a cargo do adxudicatario os gastos de inserción de anuncios nos diarios oficiais correspondentes, os derivados das certificacións e inscricións rexistradas, os correspondentes a segregación das parcelas, os de formalización do contrato, en especial os relativos ó outorgamento de escritura pública, os tributos estatais, autonómicos e municipais que se deriven do mesmo, e calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes e na forma e contía que sinalen.

Serán así mesmo de conta do adxudicatario os gastos xudiciais e extraxudiciais a que de lugar o incumprimento das condicións contidas no presente prego có carácter de condicións resolutorias da venda.

CONSTITUCIÓN DA GARANTIA DEFINITIVA

Cláusula 17.-O adxudicatario no prazo de oito días contados desde a data na que se lle notifique a adxudicación deberá acreditar a constitución dunha garantía definitiva do 4% do importe de adxudicación ou si o prezo do contrato se determine en función de prezos unitarios o 4% do presuposto base de licitación.

Dita garantía deberá constituirse na Tesourería Municipal nalgún dos medios sinalados no artigo 36.1 do TRLCAP e concordantes do R.D 1098/2001, de 12 de outono .

A garantía quedará afectada o cumprimento das obrigas derivadas deste contrato, podendo o interesado, de non incorrer en responsabilidade, obter a devolución cando acredite o cumprimento das mesmas e o inicio da actividade comprometida na proposta.

FORMA DE PAGO

Cláusula 18.- O adxudicatario deberá aboar o prezo de adxudicación mais o IVE correspondente no prazo de 15 días hábiles seguintes a data de notificación da adxudicación.

O ingreso para o pago do prezo deberá realizarse na conta nº 2091.012690.3110000019 de Caixa Galicia. A transferencia irá ó nome do Ilmo Concello de Monforte de Lemos, con indicación de “ Adquisición Parcela Polígono Industrial ”.

Si o adxudicatario incumpre a obrigas de pago nos termos referidos ou non comparece, sen causa xustificada, na formalización do documento público de cesión, o Concello resolverá anulando a adxudicación efectuada con perda da garantía definitiva constituída polo adxudicatario.

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Cláusula 19.- A transmisión efectiva da propiedade das parcelas obxecto da presente licitación, terá lugar co outorgamento da escritura pública autorizada por Notario. A tal fin o Concello convocará ós adxudicatarios para que comparezan no día e hora sinalado.

Para formalizar o contrato será necesario que os adxudicatarios acrediten documentalmente ante o servizo de contratación do Concello:

- 1.- A constitución da garantía definitiva polo importe correspondente.
- 2.- O pago dos gastos de publicación e aqueles outros que lle correspondan de acordo co establecido na cláusula 15 do presente prego.
- 3.- O abono do prezo do contrato, mais o IVE correspondente.
- 4.- Certificación administrativa acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social de acordo co disposto nos artigos 13 e 14 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Cando por causas imputables ó adxudicatario non puidera formalizarse o contrato no prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo, segundo o establecido no artigo 54.3 do TRLCAP. Nesta caso o Concello poderá optar entre adxudicar o contrato o licitador ou licitadores seguintes, pola orden de cualificación das súas propostas, ou convocar unha nova licitación.

CUMPRIMENTO DO CONTRATO E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Cláusula 20.- Serán obrigas do adxudicatario das parcelas do presente concurso:

- a) Implantar o proxecto empresarial correspondente, solicitando no prazo máximo de 6 meses, a contar dende a data de formalización da escritura de compravenda, as preceptivas licencias urbanística/obra/actividade aportando a tal fin a documentación que sexa necesaria de acordo ca normativa vixente.
- b) Construir no prazo máximo de 2 anos, dende que se outorgue a licenza, a edificación ou instalación industrial ou comercial autorizada cas determinacións contidas no proxecto empresarial presentado e de acordo co disposto na normativa urbanística e sectorial que sexa de aplicación.
- c) Iniciar a actividade, previa solicitude e concesión das correspondentes autorizacións administrativas, no prazo de 3 anos.
- d) Realizar a súa conta as conexións/acometidas os servicios de auga, luz, etc de acordo cas directrices municipais.
- e) Reparar os desperfectos causados sobre as vías públicas e demais espazos libres que sexan consecuencia da execución das obras nas parcelas adxudicadas.
- f) Mentres non estean totalmente rematadas as construcións e instalacións a realizar nas parcelas de acordo cos proxectos presentados, non poderá o adquirente allear nin gravar, total ou parcialmente sen autorización expresa do Concello. O novo adquirente quedará subrogado en tódolos dereitos e obrigas do transmitente.
- g) A titularidade e o destino da parcela, elementos esenciais para a adxudicación da parcela, deberán manterse polo menos durante os 5 anos seguintes ó remate das obras. No obstante o Concello poderá autorizar cambios ou modificacións, previa petición do interesado por causa xustificada.

En calquera caso, o novo adquirente deberá reunir os mesmos requisitos de capacidade e solvencia esixidos ó transmitente e, no seu caso, quedará subrogado en todos o dereitos e obrigas deste.

CONDICIÓN RESOLUTORIAS DA COMPRAVENTA DE PARCELAS /CIÓN DO CONTRATO

Cláusula 21.- O incumprimento polo adxudicatario de algunha das obrigas sinaladas nas letras a) b) y c) da cláusula nº 20 , que teñen a consideración de esenciais en orden a satisfacción do interese público determinante da venta de parcelas do Polígono Industrial de Reboredo, obxecto do presente Prego, considerase condición resolutoria expresa, producindo a resolución de pleno

dereito da compravenda con transcendencia real, revertindo ó patrimonio municipal as parcelas con tódalas súas pertenzas e accesións.

A presente condición resolutoria incorporarase expresamente a escritura pública de venta e inscribírase no rexistro da propiedade o amparo do disposto no artigo 37.1 da Lei Hipotecaria.

A resolución da compravenda como consecuencia da condición resolutoria determinará a retención polo municipio da totalidade do prezo de venta en concepto de penalización por incumprimento, indemnización de danos e prexuízos e compensación polo tempo de utilización da parcela.

DEREITO DE ADQUISICIÓN PREFERENTE

Cláusula 22.- Durante o prazo de 10 anos a contar dende a data de escritura pública que documenta a compravenda e transmita o dominio das parcelas do polígono, o Concello de Monforte conservará un dereito de adquisición preferente, nas súas modalidades de tanteo e de retracto, con transcendencia real, que se fará constar na escritura pública para a súa constancia rexistral, nos supostos de transmisión onerosa que pretenda o adxudicatario.

PARCELAS QUE PUIDERAN QUEDAR INICIALMENTE DESERTAS

Cláusula 23.- De acordo co disposto no artigo 177.2 da Lei 9/02, de 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia Durante si realizado o concurso quedase deserto este na súa totalidade ou respecto de algunha/s das parcelas obxecto do mesmo, poderase allear directamente, por orden de petición, a calquera interesado nas mesmas condicións establecidas para ó concurso.

Esta posibilidade de allear directamente poderá ser exercitada polo Concello dentro do prazo máximo dun ano.

PRERROGATIVAS E FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN. XURISDICCIÓN COMPETENTE

Cláusula 24.- O Concello poderá acceder en todo momento a parcela alleado e ás obras que se estean realizando, podendo practicar cantas actuacións de comprobación ou información sexa de interese en relación cá adxudicación e co cumprimento das obrigas establecidas no presente prego, designado para elo os técnicos correspondentes.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar este contrato, resolver as dubidas que ofreza o seu incumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Os acordos correspondentes poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivas.

Contra ditos acordos poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo nos termos sinalados na Lei 29/1998, de 13 de xullo

reguladora de dicha xurisdicción, ou ben, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou a resolución, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación.

NORMATIVA APLICABLE

Cláusula 25.- O alleamento das parcelas do Polígono Industrial de Reboredo obxecto do presente prego ten como causa a satisfacción do interese público municipal representado neste caso pola instalación e posta en funcionamento de actividades empresariais no Polígono no marco da competencia municipal establecida no artigo 25 da LRBRL 7/1985, de 2 de Abril

Os contratos obxecto do presente prego teñen carácter de contratos administrativos especiais(artigo 5.2 b) do TRLCAP) e como tales se rexerán polas disposicións do presente Pregro de Cláusulas e polas seguintes normas:

1.-Os preceptos establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

2.- Polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3.- Polo disposto na Lei9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e demais normativa urbanística aplicable.

4.-Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e o R.Dlexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

5.- Lei 32/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas

6.-RD1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento de Bens das Entidade Locais.

7.- Supletoriamente as demais normas de Dereito Administrativo, e no seu defecto polas normas de Dereito Privado.

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO I

D.....,con domicilio enrúa , e provisto de D.N.Ien nome propio ou en representación de , con domicilio en , rúaTfnoe N.I.F....., ben enterado dos Pregos de Cláusulas Económica-Administrativas que rexerán no contrato de , que acepto integramente, presento a seguinte proposición económica.....euros/m² mais IVE ,

- a) Por unha parcela (nº)
- b) Por unha parcela principal (nº) e cas seguintes parcelas (nº) (nº) (nº) (nº) (nº) (nº) (nº).. como alternativas pola orden que se sinala.
- c) Por dúas parcelas (nº) y (nº)
- d) Por dúas parcelas e cas seguintes parcelas (nº) y (nº) , (nº) y (nº) , (nº) y (nº) , (nº) y (nº).....como alternativas pola orden que se sinala.

(En caso de contradicción entre a cantidade en letra e en número, daráse validez á expresada en letra).

A presentación da oferta suporá a aceptación das condicións administrativas e técnicas dos pregos que obran no expediente.

(Data e sinatura do proponente)